Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalgunha Unidade Didáctica, estas actividades non serán avaliadas. De selo, informarase ó alumnado previamente coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.

Actividades como:

- Cursos no IES con empresas do sector.
- Asistencia a Congresos, Ateliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.
- Desfiles.
- Seguimento das novas publicacións, libros, revistas, vídeos, DVDs, etc.
- Visitas a exposicións, feiras, congresos de tipo profesional e cultural.
- Realizar cursos de actualización profesional por parte dalgunha firma comercial ou outros profesionais.
- Visitas a fábricas de cosméticos, balnearios, exposicións etc.
- Participación en diferentes actividades relacionadas coa profesión.

Os obxectivos destas actividades están encamiñadas a:

- Mellorar e favorecer o desenvolvemento persoal e profesional do alumnado.
- Coñecer protocolos de actuación doutros profesionais.
- Facilitar a ampliación doutros horizontes, criterios e posibilidades laborais, así coma coñecer e valorar as súas propias posibilidades.

10. Outros apartados

10.1) DEREITO Á REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS NA AULA

Por mor do emprego na realización das prácticas na aula de materiais/productos que poden supor un serio risco para as persoas e/ou as cousas no caso de ser empregados de xeito incorrecto e sen tomar as debidas precaucións ou carecer dos coñecementos apropiados, compre sinalar que se poderá prohibir a realización de determinadas prácticas a aqueles alumnos que:

- Non empregue os EPIs necesarios e imprescindibles.
- Incumpran algún dos criterios sinalados no apartado Programación da educación en valores.
- Causen danos de xeito intencionado.
- Non teñan asistido ás explicacións referentes ó uso do material/técnicas da práctica.
- Non respecten ás indicacións do profesor na realización dalgunha práctica.
- Se valore, de xeito obxectivo, que carece dos coñecementos ou destreza necesarios para a execución da práctica.
- Que supoña un risco para o modelo.

Cando, en base dalgún dos puntos anteriores, sexa de aplicación a prohibición de realizar as prácticas na aula o/a alumno/a afectado será avaliado segundo o indicado no apartado Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.

10.2) SECUENCIA DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Debido á complexidade na divisións das UD do módulo, poderá ser preciso modificar a secuencia establecida adiantando parte dos contidos. Teremos tamén en conta que a maioría das UD necesitan dos coñecementos, prácticas, actitudes das anteriores e ás veces das posteriores. Haberá polo tanto unha marxe de flexibilidade, non influíndo isto na duración das mesmas.

10.3) TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TICs, E PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dende o módulo fomentárase a actuación dos alumnos/as na utilización das novas tecnoloxías (para a realización de traballos teóricos, busca de información e novas relacionadas coa profesión, uso da aula virtual, etc.). O Centro conta con aulas específicas onde poderán traballar con Internet, encerado dixital interactivo e así facilitarlle a todo o alumnado o acceso a estas técnicas.

Proxecto Lingüístico do Centro: inda que na adenda lingüística o módulo será impartido en castelán, os apuntes daranse en castelán, así como os exames, inda que as explicacións de ditos apuntes moitas das veces serán en galego. No caso de que exista un alumno/a de fóra da Comunidade farase o posible para que entenda.

O uso do galego, en parte ven determinado porque é a lingua predominante no entorno do Centro.

10.4) FICHA DO ALUMNO/A

A ficha do alumno/a vai ser unha ferramenta básica para o/a profesor/a para garantir o correcto seguimento da evolución do alumnado. Vai conter como mínimo as seguintes informacións:

- * Datos persoais do/a alumno/a.
- * Grupo de traballo asignado.
- * Cadro de asistencia.
- * Cadro de seguimento das tarefas realizadas, incluíndo datas de inicio e remate, valoración da tarefa, etc.
- * Adaptacións específicas:
 - Reforzos.
 - Tarefas de recuperación.
 - Etc
- * Resultados das distintas avaliacións, tanto parciais como finais do módulo e das distintas UD.

10.5) GUÍA DO PROFESOR

A guía do profesor vai permitir realizar un seguimento directo do curso, reflectindo tanta información sexa necesaria para valorar o cumprimento da programación e/ou propor melloras na mesma.

Deste xeito conterà, polo menos, para cada Unidade Didáctica e Actividade programada a seguinte información:

- * Datas de inicio e remate.
- * Sesións reais.
- * Grao de comprensión ou dificultade.
- * Observacións.

Ademais, para cada tarefa encomendada reflectirase:

- * Data de inicio e remate asignadas.
- * Título da tarefa.
- * Composición da tarefa.

10.6) DESCRIPCIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E DO SEU PESO NA AVALIACIÓN.

Tal e como se sinala nos correspondentes apartados, os Criterios de Avaliación van ser valorados empregando distintos instrumentos de avaliación. Estes terán as seguintes características:

PE (Proba escrita): terá, con carácter xeral, o formato de exame escrito. Para cada proba indicárase na mesma a puntuación de cada unha das preguntas. O conxunto da proba terá unha valoración de 1 a 10. Poderá agrupar varias Unidades Didácticas e, neste caso, aplicarase a nota obtida a todas elas.

TO (Táboa de observación): serán aplicadas por observación directa do traballo do/a alumno/a empregando unha Escala de Valoración. Cada unha delas será avaliada segundo o criterio: nunca (0), case nunca (2,5), ás veces (5), case sempre (7,5) e sempre (10).

Á hora de avaliar as distintas Unidades Didácticas (UD), empregárase o seguinte criterio:

- Para poder obter unha valoración positiva, tódolos instrumentos de avaliación deberán ter unha nota igual ou superior á metade da nota máxima establecida.

Con carácter xeral e salvo excepción reflectida de ser o caso no seguimento da programación, no momento en que se acade a posibilidade de obter unha valoración positiva na UD aplicarase a seguinte porcentaxe:

NOTA UD = 30% (Parte teórica) + 60% (Parte práctica) + 10% (traballos e Outros)

10.7) RESOLUCION 2021/22

Renuncia, anulación e baixa de oficio de matrícula:

Procederase á baixa de oficio cando un alumno ou unha alumna acumule o número de faltas inxustificadas, ó que se fai referencia no artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011.

a) Para tales efectos e con carácter previo, o titor/a ou o centro enviará un apercibimento ó alumnado que acumule un número de faltas de asistencia inxustificadas superior a 10 días lectivos. Nel indicárase a obriga de asistencia e que se procederá á súa baixa de matrícula en caso de que as súas faltas inxustificadas de asistencia representen 15 días lectivos consecutivos ou 25 días lectivos descontinuos. En caso de que se produza a baixa, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da baixa.

b) Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas non se terán en consideración os días previos á formalización da matrícula.

Perda do dereito á avaliación continua:

1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co

establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro. NOFC reflicte o 10% de faltas sen xustificar e 20% xustificadas e sen xustificar. Para tales efectos e con carácter previo, o titor ou o centro enviará un apercibimento ó alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas consonte o anterior nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. En caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

2. Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas, non se terán en consideración as sesións previas á formalización da matrícula.

3. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011; así se establece no apartado 6 desta programación. A cualificación obtida na dita proba consignárase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

Solicitud de convocatoria extraordinaria:

O alumnado que esgotase as convocatorias ás que tiña dereito poderá solicitar a autorización dunha única convocatoria extraordinaria para poder rematar os seus estudos, de acordo co procedemento e nas condicións que se establecen nos artigos 11 e 12 da Orde do 12 de xullo de 2011.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0635	Depilación mecánica e descoloración da peluxe	2023/2024	8	140	168

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CRISTINA QUIROGA IGLESIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Decreto 203/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Estética e Beleza. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura. O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral. Os profesionais que obteñan este título exercerán a súa actividade en medianas e pequenas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, nomeadamente en establecementos do sector de servizos de estética e peiteado, e en xeral en establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal, así como coa cosmética, desempeñando tarefas de execución de maquillaxe social, depilación mecánica, tratamentos básicos de hixiene, hidratación facial e corporal, estética de mans e pés, asesoramento sobre perfumes e cosmética natural, así como a comercialización dos produtos e os servizos estéticos, ofrecendo un servizo de atención á clientela da empresa. Podería ser persoal traballador por conta propia efectuando a organización da súa propia empresa. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes: Técnico/a esteticista en centros de beleza e gabinetes de estética. Maquillador/ora. Técnico/a en uñas artificiais. Técnico/a en depilación. Técnico/a en manicura e pedicura. Recepcionista en empresas estéticas. Demostrador/ora de equipamentos, cosméticos e técnicas estéticas. Axente comercial en empresas do sector. Asesor/ora vendedor/ora en perfumarías e drogarías.

RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019/20

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe					
					63500					
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6
1	Preparación do espazo de traballo		9	10	X					
2	Aplicación da análise estética segundo os protocolos establecidos		15	15		X				
3	Selección de procedementos de depilación e descoloración		35	15			X			
4	Executa técnicas de depilación mecánica, para o que selecciona o procedemento		65	35				X		
5	Executa técnicas de descoloración da peluxe utilizando os produtos axeitados.		35	15					X	
6	Parámetros que definen a calidade nos procesos de depilación e descoloración da peluxe		9	10						X
Total:			168							

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparación do espazo de traballo	9

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara o espazo de traballo aplicando normas establecidas de mantemento e hixiene de equipamentos de depilación, e xustifica o procedemento	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o espazo de traballo, equipamentos, e utensilios	1	O espazo de traballo	2,0
2.1 Coñecer as medidas e protección e a ergonomía do persoal e da clientela	2	Medidas de protección e ergonomía	2,0
3.1 Identificar os distintos métodos de limpeza, hixiene, desinfección e esterilización dos utensilios, dos equipamentos e do espazo de traballo	3	Limpeza, hixiene, desinfección e esterilización	3,0
4.1 Ordenar e aplicar as normas de control do almacén	4	Almacén de depilación	2,0
TOTAL			9

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Asociáronse os espazos básicos onde se vaian desenvolver as actividades con cada proceso	• TO.1 - material da aula	S	10
CA1.2 Relacionáronse os equipamentos e os utensilios coas técnicas de eliminación ou disimulación da peluxe	• TO.2 - material da aula	S	10
CA1.3 Estudáronse as medidas de protección e seguridade do persoal e das persoas usuarias	• PE.1 - libros de texto	S	10
CA1.4 Valorouse a importancia da utilización de material dun só uso	• PE.2 - material da aula e libro de texto	S	10
CA1.5 Mantivéronse as instalacións en condicións óptimas de hixiene	• TO.3 - material da aula	S	10
CA1.6 Controlouse o funcionamento e o bo estado dos equipamentos e dos aparellos	• TO.4 - material de aula	S	10
CA1.7 Recoñecéronse os factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor, olor, etc.) como factor de calidade do servizo	• PE.3 - esquemas e libro de texto	S	5
CA1.8 Sinalouse a importancia da hixiene postural e a ergonomía para previr lesións óseas, circulatorias e musculares	• PE.4 - libros de texto	S	10
CA1.9 Aplicáronse as normas de control e almacenamento	• TO.5 - material de aula	S	5
CA1.10 Ordenouse e controlouse o almacén da área de depilación	• TO.6 - explicacións do profesor	S	5
CA1.11 Rexeitáronse materiais e produtos non axeitados, caducados ou en mal estado, e xestionouse convenientemente a súa eliminación	• TO.7 - material da aula	S	5
CA1.12 Aplicáronse os métodos de limpeza, desinfección e/ou esterilización necesarios	• PE.5 - material da aula e libro de texto	S	5

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.13 Determináronse as medidas axeitadas para actuar en caso de riscos imprevistos	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - libros de texto 	S	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>A cabina de estética para procesos de depilación.</p> <p>Seguridade e hixiene nos procesos de depilación e descoloración da peluxe. Medidas de protección para o persoal e a clientela.</p> <p>Precaucións, conservación e mantemento de aparellos, equipamentos e cosméticos utilizados en depilación: limpeza e desinfección e/ou esterilización de materiais e equipamentos.</p> <p>Protocolos de actuación ante riscos inesperados.</p> <p>Hixiene postural e ergonomía.</p> <p>Prevenición de accidentes e reaccións adversas.</p> <p>Xestión de residuos.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O espazo de traballo - Espazos básicos onde se vaian desenvolver as actividades con cada proceso.	<ul style="list-style-type: none"> mostrouse os espazos básicos onde se vaian desenvolver as actividades con cada proceso mostrar os equipamentos e os utensilios para a eliminación da peluxe e descoloración 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer a cabina de estética para procesos de depilación e os equipamentos e os utensilios 	<ul style="list-style-type: none"> A cabina de estética para procesos de depilación 	<ul style="list-style-type: none"> aula dondese vai a desenvolver a actividade, aparellos , equipamentos e utensilios . 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - esquemas e libro de texto TO.1 - material da aula TO.2 - material da aula TO.4 - material de aula 	2,0
Medidas de protección e ergonomía - Estudáronse as medidas de protección e seguridade do persoal e das persoas usuarias.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da ergonomía Explicación das medidas de protección da persoa usuaria e o profesional e as medidas axeitadas para actuar en caso de riscos e imprevistos 	<ul style="list-style-type: none"> Realización do estudio da ergonomía Elaboración dun esquema das medidas de protección Explicación das medidas en caso de riscos e imprevistos 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar as posturas ergonómicas e hixiene postural Coñecer a importancia de hixiene en material dun só uso. 	<ul style="list-style-type: none"> aula donde se vai desenvolver a actividade, útiles, aparellos, 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - libros de texto PE.2 - material da aula e libro de texto PE.4 - libros de texto PE.6 - libros de texto 	2,0
Limpeza, hixiene, desinfección e esterilización - Identificar os distintos métodos de limpeza, hixiene, desinfección e esterilización dos utensilios, dos equipamentos e do espazo de traballo	<ul style="list-style-type: none"> Presentación dos métodos da limpeza , hixiene e desinfección e esterilización 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun esquema cos métodos de limpeza, desinfección e esterilización 	<ul style="list-style-type: none"> Esquematizar e coñecer os métodos de limpeza, desinfección e esterilización 	<ul style="list-style-type: none"> aula- taller dondese vai a desenvolver a actividade, aparellos , equipamentos e utensilios, produtos de limpeza , desinfección e esterilización,libros 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - material da aula e libro de texto TO.3 - material da aula 	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Almacén de depilación - Ordenar e aplicar as normas de control do almacén	<ul style="list-style-type: none"> Presentación do almacén para depilación e descoloración da peluxe 	<ul style="list-style-type: none"> Realización dun arquivo dos cosméticos para depilación e descoloración preparando o lugar do almacén e seleccionando os que están en mal estado ou caducos 	<ul style="list-style-type: none"> Arquivar o almacén 	<ul style="list-style-type: none"> aula- taller dondese vai a desenvolver a actividade, aparellos , equipamentos e utensilios, produtos de limpeza , desinfección e esterilización 	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - material de aula TO.6 - explicacións do profesor TO.7 - material da aula 	2,0
TOTAL						9,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Aplicación da análise estética segundo os protocolos establecidos	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza a análise estética aplicando os protocolos establecidos para o proceso de depilación e descoloración da peluxe	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Realizar a atención a clientela e a ficha técnica	1	Atención a clientela e ficha técnica	3,0
2.1 Identificar as aptitudes e actitudes do profesional de estética e beleza	2	Actitudes e aptitudes do profesional	2,0
3.1 Describir as características do pelo e as súas alteracións	3	O pelo, características e alteracións	3,0
4.1 Describir as indicacións e contraindicacións das técnicas	4	Indicacións e contraindicacións das técnicas	2,0
5.1 Identificar os tipos de cellas	5	Cellas	5,0
5.2 Estudar a relación entre as cellas eo tipo de rostro			
TOTAL			15

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Utilizáronse as técnicas de comunicación na fase de toma de datos	• TO.1 - material do profesor	S	5
CA2.2 Explicáronse as normas deontolóxicas que se deben cumprir para manter a confidencialidade da persoa usuaria	• PE.1 - sobre os contidos explicados	S	5
CA2.3 Descríronse as aptitudes fundamentais para o desenvolvemento das actividades de depilación e descoloración da peluxe	• PE.2 - sobre os contidos explicados	S	5
CA2.4 Defíníronse as actitudes e os principios básicos que debe adoptar o persoal profesional de estética e beleza	• PE.3 - sobre os contidos explicados	S	5
CA2.5 Realizáronse medidas de atención á clientela	• TO.2 - material do profesor	S	5
CA2.6 Avaliáronse as características do pelo e a peluxe	• PE.4 - sobre os contidos explicados	S	5
CA2.7 Determináronse alteracións do sistema piloso susceptibles destes tratamentos	• PE.5 - sobre os contidos explicados	S	5
CA2.8 Diferenciáronse alteracións cutáneas e vasculares con repercusión en depilación	• PE.6 - sobre os contidos explicados	S	5
CA2.9 Interpretouse a demanda para corrixir alteracións estéticas causadas pola peluxe	• TO.3 - material do profesor	S	5
CA2.10 Identificáronse reaccións adversas provocadas pola depilación e a descoloración da peluxe	• PE.7 - sobre os contidos explicados	S	5
CA2.11 Rexistráronse na ficha técnica os datos máis salientables para estes procesos, como a distribución e as características da peluxe	• PE.8 - sobre os contidos explicados	S	5

Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.12 Detalláronse as indicacións e as contraindicacións destes tratamentos	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - sobre os contidos explicados 	S	5
CA2.13 Adoptáronse actitudes e calidades profesionais como pulcritude, destreza manual, gusto estético, amabilidade, responsabilidade, organización, rapidez de reflexos, etc	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - material do profesor 	S	10
CA2.14 Identificáronse os tipos de células	<ul style="list-style-type: none"> PE.10 - sobre os contidos explicados 	S	10
CA2.15 Estableceuse a relación entre as células e o tipo de rostro	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - material do profesor 	S	20
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Actitudes e aptitudes profesionais. Alteracións de tipo vascular. Contraindicacións absolutas ou relativas na aplicación de tratamentos estéticos de depilación. Deontoloxía profesional. Preparación da clientela. Ficha de clientela. Tipos e distribución de pelo e localización zonal da peluxe superflua. Estudo das células e a súa corrección. Identificación das alteracións do órgano cutáneo con repercusión no proceso da depilación. Identificación das alteracións estéticas corporais causadas pola peluxe. Hipertricose e hirsutismo.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Atención a clientela e ficha técnica - Realizar a atención a clientela e a ficha técnica	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das técnicas de comunicación na fase de toma de datos e a atención á clientela Fichas técnicas Explicación das normas deontolóxicas que se deben cumprir para manter a confidencialidade da persoa usuaria 	<ul style="list-style-type: none"> Realización en parellas a atención á clientela Elaboración da toma de datos e modelos de fichas técnicas 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar o estudo e práctica das normas de comunicación e Ficha técnica do cliente 	<ul style="list-style-type: none"> Aula- taller, computador, libro, caderno, bolígrafo 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - sobre os contidos explicados PE.8 - sobre os contidos explicados TO.1 - material do profesor TO.2 - material do profesor 	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actitudes e aptitudes do profesional - Identificar as aptitudes e actitudes do profesional de estética e beleza	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da diferenza entre actitudes e aptitudes 	<ul style="list-style-type: none"> Realización do estudio a diferenza entre aptitudes e actitudes 	<ul style="list-style-type: none"> Esquematizar as diferenzas entre aptitudes e actitudes 	<ul style="list-style-type: none"> aula-taller, libros, computador, caderno, bolígrafo 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - sobre os contidos explicados PE.3 - sobre os contidos explicados TO.4 - material do profesor 	2,0
O pelo, características e alteracións - Describir as características do pelo e as súas alteracións	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do pelo e da peluxe, características e alteración Explicación das alteraciónscutáneas e vasculares con repercusión na depilación e na descoloración 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun esquema coas características do pelo e as súas alteracións Elaboración dun esquema coas alteracións cutáneas e vasculares 	<ul style="list-style-type: none"> Esquematizar as características do pelo e coas alteracións, cutáneas e vasculares 	<ul style="list-style-type: none"> Aula-taller, libros, computador, caderno, bolígrafo 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - sobre os contidos explicados PE.5 - sobre os contidos explicados PE.6 - sobre os contidos explicados PE.7 - sobre os contidos explicados TO.3 - material do profesor 	3,0
Indicacións e contraindicacións das técnicas - Describir as indicacións e contraindicacións das técnicas	<ul style="list-style-type: none"> Presentación das indicacións e contraindicacións dos métodos de depilación e descoloración da peluxe 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun esquema con as contraindicacións e indicacións dos métodos depilatorios e de descoloración 	<ul style="list-style-type: none"> Esquematizar as contraindicacións e indicacións 	<ul style="list-style-type: none"> Aula-taller, libros, computador, caderno, bolígrafo 	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - sobre os contidos explicados 	2,0
Cellas - tipos de células	<ul style="list-style-type: none"> Presentación dos tipos de ovalos e dos tipos de células para cada ovalo 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración de bosquexos cos distintos tipos de ovalos e células 	<ul style="list-style-type: none"> Elaborar e coñecer bosquexos dos distintos tipos de ovalos e células 	<ul style="list-style-type: none"> Aula-taller, computador, libro, caderno, bolígrafo 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - material do profesor PE.10 - sobre os contidos explicados 	5,0
TOTAL						15,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Selección de procedementos de depilación e descoloración	35

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona procedementos de depilación e descoloración da peluxe, tendo en conta a relación entre as propiedades de cada técnica e as necesidades da persoa usuaria	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 1 Coñecer as diferenzas e os métodos de depilación, epilación e descoloración según a zoa corporal e as características da pel e do pelo que se vai tratar	1	Diferenza de métodos de epilación, depilación e descoloración	12,0
2.1 Describir e clasificar os aparellos, utensilios e equipamentos para a depilación mecánica. Identificar a súa correcta utilización e conservación	2	Equipos necesarios para a depilación e descoloración	11,0
3.1 Identificar os cosméticos anteriores e posteriores a depilación e as propiedades, presentación e forma de aplicación	3	Cosméticos para depilación e descoloración anterior e posterior os procesos	12,0
TOTAL			35

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Definiuse a terminoloxía e as técnicas de depilación e epilación	● PE.1 - sobre os contidos explicados	S	10
CA3.2 Diferenciáronse os métodos de depilación polas súas características ou xeito de aplicación	● TO.1 - esquemas do profesor	S	10
CA3.3 Seleccionáronse os métodos segundo a zona corporal e as características da pel ou do pelo que se vaia tratar	● TO.2 - esquemas	S	5
CA3.4 Determinouse a utilización dos métodos de descoloración segundo características da pel e do pelo onde se vaia aplicar	● PE.2 - sobre os contidos explicados	S	10
CA3.5 Identificáronse as propiedades, o xeito de utilización e a presentación dos cosméticos depilatorios	● LC.1 - material da aula	S	10
CA3.6 Descríronse as técnicas actuais de depilación mecánica	● PE.3 - sobre os contidos explicados	S	10
CA3.7 Descríronse as técnicas de depilación utilizadas a través da historia	● PE.4 - sobre os contidos explicados	S	10
CA3.8 Descríronse os aparellos utilizados en depilación con cera quente, morna e fría, indicando as pautas para a súa correcta utilización e conservación	● PE.5 - sobre os contidos explicados	S	10
CA3.9 Clasificáronse os utensilios, os equipamentos e os aparellos para a depilación mecánica	● TO.3 - material de aula-taller	S	10
CA3.10 Identificáronse os cosméticos de utilización anterior e posterior á depilación, as súas propiedades e a forma de aplicación	● PE.6 - sobre os contidos explicados	S	10
CA3.11 Descríronse as propiedades, a presentación e o xeito de aplicación dos retardadores do crecemento da peluxe	● PE.7 - sobre os contidos explicados	S	5
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Concepto de epilación e depilación.</p> <p>A depilación a través da historia.</p> <p>Tipos de técnicas depilatorias: químicas e físicas.</p> <p>Materiais, utensilios e equipamentos de depilación mecánica: fundidores e aplicadores de cera quente e morna.</p> <p>Criterios para a elección de técnicas depilatorias: zona, cantidade de peluxe, duración e estado da pel.</p> <p>Tipos de depilacións mecánicas actuais: ceras quentes de baixa temperatura, ceras dun só uso, bandas adhesivas, etc. Métodos de aplicación.</p> <p>Cosméticos utilizados antes da depilación mecánica e despois desta.</p> <p>Cosméticos inhibidores ou retardadores do crecemento da peluxe.</p> <p>Precaucións no uso de aparellos, equipamentos e cosméticos de depilación mecánica.</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Diferenza de métodos de epilación, depilación e descoloración - 1 Coñecer as diferenzas e os métodos de depilación, epilación e descoloración según a zona corporal e as características da pel e do pelo que se vai tratar	<ul style="list-style-type: none"> Presentación das técnicas de depilación a través da historia Presentación das técnicas de epilación Presentación dos métodos según a zona de depilación e descoloración da peluxe según a zona corporal e as características da pel e do pelo que se vai tratar. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun esquema das técnicas de depilación e epilación a través da historia (individual) Debate das distintas técnicas de depilación e epilación Realización dun simulacro onde se leve a cabo os coñecementos adquiridos sobre a elección das distintas técnicas tendo en conta as características do pelo, pel e a zona do cliente. Esta actividade realizarase cada vez que o alumno/a teña que realizar un traballo técnico sobre modelo real 	<ul style="list-style-type: none"> Esquematizar das técnicas de depilación e de epilación Simulacro onde se leve a cabo os coñecementos adquiridos sobre a elección das distintas técnicas tendo en conta as características do pelo pel e a zona do cliente 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, aula-taller, computador, aparellos, útiles, cosméticos, 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - sobre os contidos explicados PE.2 - sobre os contidos explicados PE.3 - sobre os contidos explicados PE.4 - sobre os contidos explicados TO.1 - esquemas do profesor TO.2 - esquemas 	12,0
Equipos necesarios para a depilación e descoloración - Describir e clasificar os aparellos, utensilios e equipamentos para a depilación mecánica. Identificar a súa correcta utilización e conservación	<ul style="list-style-type: none"> Presentación dos aparellos, utensilios e equipamentos necesarios para a depilación mecánica e a descoloración Identificar a súa correcta utilización e conservación 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema cos equipos, utensilios e aparellos para depilación mecánica, identificando a súa correcta utilización e conservación. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer os distintos equipos utensilios e aparellos para depilación mecánica e a descoloración identificando a súa correcta utilización e conservación 	<ul style="list-style-type: none"> Aula-Taller donde se vai a desenvolver a actividade, aparellos, equipamentos e utensilios . 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - sobre os contidos explicados TO.3 - material de aula-taller 	11,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Cosméticos para depilación e descoloración anterior e posterior os procesos - Identificar os cosméticos anteriores e posteriores a depilación e as propiedades, presentación e forma de aplicación	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación sobre os tipos de cosméticos pre e post e para a depilación e descoloración da peluxe 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun esquema sobre os cosméticos previos e posteriores. e para a depilación e descoloración 	<ul style="list-style-type: none"> • Esquematar os cosméticos previos e posteriores , e para a depilación e descoloración da peluxe 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula-taller, libros, computador, cosméticos . 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - material da aula • PE.6 - sobre os contidos explicados • PE.7 - sobre os contidos explicados 	12,0
TOTAL						35,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Executa técnicas de depilación mecánica, para o que selecciona o procedemento	65

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Executa técnicas de depilación mecánica, para o que selecciona o procedemento	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Preparar e executar a depilación con cera quente	1	Depilación con cera quente	25,0
2.1 Preparar e executar a depilación con cera morna	2	Depilación con cera morna	25,0
3.1 Preparar e executar a depilación con pinzas	3	Depilación con pinzas	15,0
TOTAL			65

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Preparouse a zona de aplicación antes do tratamento	• TO.1 - prácticas na aula	S	10
CA4.2 Adaptáronse os protocolos de depilación facial e corporal para cada zona, tendo en conta as súas características	• TO.2 - esquemas do profesor	S	10
CA4.3 Efectuouse a depilación con cera quente, para o que se comprobou que a súa temperatura e viscosidade sexan as axeitadas	• TO.3 - modelos reais	S	10
CA4.4 Realizouse a depilación con cera morna utilizando bandas de papel ou tecido, e espátulas ou roletes	• TO.4 - modelos reais	S	10
CA4.5 Efectuouse a depilación por avulsión con pinzas	• TO.5 - modelos reais	S	10
CA4.6 Executouse o proceso no tempo establecido	• TO.6 - modelos reais	S	20
CA4.7 Finalizouse o tratamento utilizando produtos posdepilación e manobras manuais	• TO.7 - modelos reais	S	20
CA4.8 Valoráronse posibles efectos posteriores á depilación	• TO.8 - material do profesor	S	10
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Depilación mecánica: operacións previas; técnicas e execucións en función da rexión anatómica; efectos e contraindicacións.
Protocolos de actuación no proceso de depilación con cera quente, con cera morna e con pinzas.
Procedementos específicos para zonas corporais e faciais.

Contidos
Uso de bandas, espátulas e utensilios en función do método.
Efectos non desexados e control de riscos en depilación.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Depilación con cera quente - Preparar e executar a depilación con cera quente	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos protocolos da cera quente • Realización da cera quente nas distas zoas corporais preparando a pel previamente, no tempo establecido, e utilizando produtos posdepilación 	<ul style="list-style-type: none"> • Esquema dos protocolos • Realización por parellas da cera quente nas distas zoas corporais preparando a pel previamente, no tempo establecido, e utilizando produtos posdepilación 	<ul style="list-style-type: none"> • Esquematizar protocolos .Depilar da cera quente por parellas 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula-taller dondese vai a desenvolver a actividade, aparellos , equipamentos e utensilios, cosméticos . 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 - prácticas naa aula • TO.2 - esquemas do profesor • TO.3 - modelos reais • TO.6 - modelos reais • TO.7 - modelos reais • TO.8 - material do profesor 	25,0
Depilación con cera morna - Preparar e executar a depilación con cera morna	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación protocolos de depilación facial e corporal para cada zona, tendo en conta as súas características • Realización da cera morna nas distas zoas corporais preparando a pel previamente, no tempo establecido, e utilizando produtos posdepilación 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización protocolos de depilación facial e corporal para cada zona, tendo en conta as súas características • Realización da cera morna nas distas zoas corporais preparando a pel previamente, no tempo establecido, e utilizando produtos posdepilación 	<ul style="list-style-type: none"> • realización de protocolos e da depilación con cera morna facial e corporal para cada zona, tendo en conta as súas características 	<ul style="list-style-type: none"> • aula- taller dondese vai a desenvolver a actividade, aparellos , equipamentos e utensilios, cosméticos 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 - prácticas naa aula • TO.2 - esquemas do profesor • TO.4 - modelos reais • TO.6 - modelos reais • TO.7 - modelos reais • TO.8 - material do profesor 	25,0
Depilación con pinzas - Preparar e executar a depilación con pinzas	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación e realización da depilación de células con pinza. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización por parellas da depilación con pinzas 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización da depilación con pinzas 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula-taller dondese vai a desenvolver a actividade, aparellos , equipamentos e utensilios . cosméticos 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 - prácticas naa aula • TO.2 - esquemas do profesor • TO.5 - modelos reais • TO.6 - modelos reais • TO.7 - modelos reais • TO.8 - material do profesor 	15,0
TOTAL						65,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Executa técnicas de descoloración da peluxe utilizando os produtos axeitados.	35

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Executa técnicas de descoloración da peluxe utilizando os produtos axeitados	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o proceso da descoloración e o fundamento químico	1	Proceso da descoloración	4,0
2.1 Preparar e realizar a proba de sensibilidade cutánea	2	Proba de sensibilidade cutánea	5,0
3.1 Identificar os materiais, equipos, produtos para a descoloración.	3	Materiais, equipos, produtos, profesional e a clientela	9,0
3.2 Preparar o profesional e a clientela			
4.1 Executar a descoloración co tempo e a cosmética protectora axeitada	4	Descoloración	17,0
TOTAL			35

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Realízase a proba de sensibilidade cutánea previa ao proceso de descoloración	• TO.1 - material do profesor	S	5
CA5.2 Valoráronse as indicacións e as contraindicacións do tratamento	• LC.1 - material do profesor	S	5
CA5.3 Preparouse o persoal profesional e a clientela cos equipamentos de protección individual e colectiva	• TO.2 - material aula-taller	S	10
CA5.4 Determinouse a cor da peluxe	• PE.1 - sobre os contidos explicados	S	10
CA5.5 Preparouse a zona antes do tratamento	• TO.3 - material do profesor	S	10
CA5.6 Seleccionouse o produto axeitado para a descoloración	• TO.4 - material e cosméticos da aula-taller	S	10
CA5.7 Axustáronse as proporcións e as concentracións dos axentes oxidantes e alcalinizantes segundo a zona que se vaia descolorar	• TO.5 - material e cosméticos da aula-taller	S	10
CA5.8 Controlouse o tempo axeitado para a reacción esperada	• LC.2 - traballos en grupo	S	10
CA5.9 Explicouse o proceso químico polo que se produce a descoloración	• PE.2 - sobre os contidos explicados	S	10
CA5.10 Limpouse a zona de residuos descolorantes	• TO.6 - explicacións do profesor	S	10
CA5.11 Finalizouse o tratamento con cosmética protectora	• TO.7 - material e cosméticos da aula-taller	S	10
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
Color da peluxe. O Protocolo de actuación fronte a unha reacción adversa dos produtos descolorantes. Medidas de seguridade e hixiene na aplicación da descoloración de peluxe Medios específicos de protección do persoal e da clientela. Proba de sensibilidade. Cosméticos de uso previo e posterior á descoloración da peluxe. Criterios de selección e utilización dos produtos para a descoloración da peluxe, nas súas formas cosméticas. Fundamentos da descoloración. Toxicidade e control de riscos. Grao de descoloración do pelo. Protocolo de actuación na descoloración da peluxe. Contraindicacións do tratamento.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Proceso da descoloración - Identificar o proceso da descoloración e o fundamento químico	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do fundamento químico da descoloración e o seu proceso e as indicacións e contraindicacións 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario co fundamento químico e as contraindicacións e indicación da descoloración 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecer o fundamento químico da descoloración e o seu proceso e as indicacións e contraindicacións 	<ul style="list-style-type: none"> Aula-taller, libros, computador, caderno, bolígrafo 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - material do profesor PE.1 - sobre os contidos explicados PE.2 - sobre os contidos explicados 	4,0
Proba de sensibilidade cutánea - Preparar e realizar a proba de sensibilidade cutánea	<ul style="list-style-type: none"> Realizar a proba de sensibilidade cutánea cos produtos que se utilizan na descoloración 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar por parellas a proba de sensibilidade cutánea cos produtos que se utilizan na descoloración 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar a proba de sensibilidade cutánea 	<ul style="list-style-type: none"> Produtos, útiles, cosméticos. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - material do profesor 	5,0
Materiais, equipos, produtos, profesional e a clientela - Identificar os materiais, equipos, produtos para a descoloración e a preparación do profesional e da clientela	<ul style="list-style-type: none"> Exposición dos materiais, equipos e produtos para a descoloración Realización da preparación do profesional e da clientela para a descoloración 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema dos materiais, equipos e produtos para a descoloración Realización por parellas a protección do profesional e a clientela 	<ul style="list-style-type: none"> Esquematizar os materiais, equipos e produtos para a descoloración. Realizar a protección do profesional e da clientela 	<ul style="list-style-type: none"> Materiais, equipos, produtos, libros de texto, Materiais desvotables 	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - material aula-taller TO.3 - material do profesor TO.4 - material e cosméticos da aula-taller 	9,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Descoloración - Executar a descoloración co tempo e ca cosmética protectora axeitada	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación e realización da descoloración nas distintas zonas 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización por parellas da descoloración. nas distintas zonas 	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar a descoloración 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula-taller dondese vai a desenvolver a actividade, aparellos, equipamentos e utensilios, cosméticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 - traballos en grupo • TO.5 - material e cosméticos da aula-taller • TO.6 - explicacións do profesor • TO.7 - material e cosméticos da aula-taller 	17,0
TOTAL						35,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Parámetros que definen a calidade nos procesos de depilación e descoloración da peluxe	9

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Analiza os parámetros que definen a calidade nos procesos de depilación e descoloración da peluxe, controlando os aspectos que cumpra ter en conta na valoración de resultados	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

Os criterios de avaliación indicados como mínimos en cada unidade didáctica

No proceso de avaliación continúa o módulo divídese en 3 avaliacións (unha por trimestre). Durante as mesmas levaranse a cabo unha serie de actividades de avaliación co obxecto de coñecer e valorar o traballo do alumnado e o grao no que se van logrando os obxectivos previstos durante o proceso ensino-aprendizaxe, así como cuantificar o grao de consecución dos obxectivos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación do alumnado farase en función dos seguintes apartados:

Apartado A) 60%: Probas escritas, teóricas, prácticas ou teórico-prácticas: consistirá na realización dunha ou varias probas individuais por avaliación. Plantexaranse cuestións tipo test (unha única resposta e/ou resposta múltiple, así como opción verdadeiro/falso) Se o profesor/a o considera, poderá incluír exercicios e supostos prácticos relacionados con contidos impartidos, así como preguntas cortas. Serán realizadas dunha soa unidade didáctica ou varias conxuntamente, segundo o profesor/a considere máis adecuado, e o número de preguntas poderá variar dunha proba a outra.

Cada proba cualificarase de 1 a 10 puntos, esixíndose un mínimo de 5 para superalo. No caso de realizar máis dunha proba por avaliación farase media entre elas. Para aprobar, poderase facer media cun 4 nunha das probas, sempre e cando a media de todas elas sexa mínimo dun 5 (Exemplo: A un alumno/a con un 4 e un 6 poderáselle facer media, posto que a nota resultante sería un 5. Se o alumno/a ten unha nota de un 4 e outra dun 5, dito alumno debería recuperar a proba suspensa, posto que a media non chega ao 5, e polo tanto estaría suspenso)

En canto ás preguntas tipo test citadas anteriormente, se o profesor/a o considera oportuno poderán puntuar negativamente os erros segundo o criterio que o docente considere oportuno (por exemplo: cada tres preguntas mal descontarase unha ben)

Apartado B) 40% : Cada alumno será avaliado polo seu traballo e dedicación diarios, tanto individual como en grupo, valorándose non só os coñecementos que vai adquirindo senon tamén a realización das tarefas e traballos propostos, así como a entrega puntual dos mesmos.

Nos traballos ou exercicios teóricos e prácticos que se recomenden elaborar valorarase:

- O emprego correcto dunha terminoloxía específica.
- Terase en conta a falta de limpeza, de claridade, a desorde ou descuido na presentación de traballos, así como a súa presentación fóra de prazo. Cando o profesor/a o considere, o feito de entregar un traballo ou actividade fóra do prazo establecido, significará a non cualificación do mesmo.
- Estarán baseados en esquemas e gráficos e non copias textuais de libros de texto ou outros documentos (ej. páxinas Web...) O plaxio, copias e

reproduccións de calquera indole non serán puntuadas, teñen que ser orixinais. O plaxio penalízase coa non corrección, sendo a nota dese apartado como a de non presentado (0 pts.) e a súa recuperación terá lugar en xuño na mesma convocatoria que os alumnos con perda de avaliación continua.

- Nos traballos ou proxectos realizados polo alumno como integrante dun grupo ou equipo ademais do resultado ou produto final terase en conta o grao de participación, investigación, implicación e aporte de cada un dos seus membros de xeito individual. Se un alumno non colabora, ou entorpece a boa marcha para a consecución do obxectivo do grupo, será avaliado negativamente, independentemente do traballo entregado en conxunto, sendo a nota de cada un dos membros INDIVIDUAL e independente da do resto, para iso comprobarase que efectivamente traballou activamente na consecución do resultado a través dunha proba DE CONTRASTE oral ou escrita (entrevista, enquisa, diálogo, resumo, etc) avaliando segun os casos: o grao de coñecemento dos contidos, conceptos, trámites, fontes de información utilizadas, documentos ou operacións, análise e interpretación e capacidade de razoamento na solución de problemas.

Para aprobar cada avaliación a nota mínima é de 5 puntos sobre 10. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos totais do módulo. A nota final do módulo será a media ponderada de cada unha das unidades didácticas, no suposto que todas elas estean aprobadas (nota de cada avaliación igual ou superior a 5 sobre 10). Noutro caso terá de recuperar a parte suspensa no mes de Xuño

NOTA FINAL DO MÓDULO Será a media das tres avaliacións, ponderada cada avaliación en función das unidades impartidas na mesma e respetando as porcentaxes asignada a cada unidade. Esa ponderación aparece reflectida nesta programación.

Non está permitido o uso de teléfonos móbiles, smartwatch, auriculares bluetooth ou outro tipo de medios electrónicos durante o desenrolo da proba escrita. No caso de non facer caso ás instrucións do profesor aínda que non sexan usados a puntuación será dun 1.

Ao longo de todo o curso, non se realizará ningún tipo de proba para poder subir a nota.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que o alumno non conseguira aprobar o módulo, éste realizará a recuperación no mes de xuño . No caso de que un alumno/a non supere unha avaliación, isto é, se non acadase a nota de 5, deberá acudir ao único exame de recuperación que se realizará o final do módulo no mes de Xuño. As actividades de recuperación que poderán consistir en: -Repetición de determinadas actividades, cando se observe que na súa realización o alumno non adicou o suficiente tempo ou esforzo, así como a realización de traballos e exercicios sobre aqueles aspectos de corte mais práctico nos que se detectaran maiores deficiencias. -Realización dunha proba escrita e/ou oral de recuperación. A proba escrita estará indicada para os aspectos mais teóricos do módulo e a proba oral para aqueles aspectos de corte mais práctico. As probas de recuperación puntuaranse de 0 a 10 puntos, e considerarase que o alumno/a recuperou cando acade unha cualificación mínima de 5 puntos. Ditas probas poderán consistir na realización dun examen escrito que conste de dúas partes: teórica e práctica, a nota desta proba será a media entre elas, para

este cálculo é preciso que en cada unha se acade unha nota mínima de 5 puntos. Tamén poderase esixir a entrega de material didáctico elaborado de xeito individual (no caso de que durante o curso este fose colectivo) e o tema será proposto pola profesora. Con relación ás recuperacións faranse unha por trimestre ao final do mesmo. Se non dera tempo, farase ó principio do seguinte. As recuperacións se alumnos pendentes o mesmo tipo de examen e cualificación que os que cursan o módulo no ano académico actual.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua deberá realizar unha única proba, de contidos teórico/prácticos. Nesta proba o alumno deberá responder a unha serie de preguntas referidas ó módulo, relacionadas cos contidos mínimos.

FORMATO:

- A primeira proba teórica consistirá en 100 preguntas tipo test, con catro posibles respostas, das que soamente unha é correcta.

PUNTUACIÓN:

- 0,05 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,025 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.
- A nota mínima a acadar para superar esta parte será un 5.

DURACIÓN:

- Este exercicio terá unha duración máxima de 90 minutos.

Consistirá na realización de diversos casos prácticos. Será necesario asistir a esta proba con calculadora.

FORMATO:

- A segunda proba práctica consistirá en 9 casos prácticos: 3 relativos a U.F. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS , e 7 relativos a U.F. DE EQUIPOS DE TRABALLO, DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL, E PROCURA DE EMPREGO .

PUNTUACIÓN E VALORACIÓN:

Cada U.F. ten que ter una nota mínima para poder facer media na nota final desta segunda parte, segundo os seguintes criterios:

U.F. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: mínimo 1,5; máximo 4.

U.F. DE EQUIPOS DE TRABALLO, DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL, E PROCURA DE EMPREGO: mínimo 2,5; máximo 6.

- Nota final: sumaranse os puntos obtidos en cada U.F., tendo en conta os límites mínimos.
- Para acadar un aprobado nesta segunda parte da proba será necesario ter un mínimo de 5 puntos , tendo en conta sempre os mínimos antes mencionados.

DURACIÓN:

- Este exercicio terá unha duración máxima de 90 minutos.

Os criterios de cualificación para o alumnado que perdeu o dereito á avaliación continua serán:

A proba escrita terá un peso do 100% sobre a nota final.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación da propia práctica docente constitúe unha estratexia crave para mellorar a calidade do proceso de E-A, ao identificar as carencias ou necesidades docentes para a súa solución. Nesta programación farase de forma reflexiva e continua: ao final de cada UD mediante un test de avaliación do ensino docente que o alumnado contesta de forma anónima, mediante o seguimento mensual da programación na plataforma dixital e na memoria do módulo FOL

Para esta avaliación seguiranse os seguintes criterios:

1º Adecuación de obxectivos educativos ás características dos/ás alumnos/ás;

2º Validez da secuenciación, organización e temporización de obxectivos, contidos e criterios de avaliación;

3º Idoneidade e efectividade das decisións metodolóxicas: organización da aula, nivel de interacción do alumnado, clima comunicativo, recursos empregados;

4º Validez de estratexias de avaliación e promoción en relación cos criterios;

5º Pertinencia e adecuación das medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE);

6º Coordinación e relacións dos docentes.

Esta avaliación realízase cos seguintes instrumentos: Seguimento da programación na aplicación informática, memoria do módulo, caderno da profesor, test de avaliación, triangulación, feedback durante e despois de explicacións e rúbrica que o alumnado contesta de forma anónima antes de finalizar cada un dos trimestres do curso académico.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso académico, o equipo docente do Ciclo Formativo na sesión de avaliación inicial compartirá a información proporcionada polo titor/a sobre as características, capacidades e formación previa de cada un dos alumnos/ as, que á súa vez servirá para orientar e situar ao alumnado en relación ao perfil profesional do título. Dita información será solicitada de: informes individualizados, estudos académicos previos, do propio alumnado matriculado sen titulación previa, de informes ou ditames específicos do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo, da experiencia profesional previa do alumnado, matrícula condicional de alumnado estranxeiro e da observación e actividades realizadas as primeiras semanas do curso.

Todo iso será #recoller nunha acta que será entregada á Xefatura de Estudos.

A nivel de aula no módulo de FOL realizarase ao comezo do curso mediante a realización dun currículum vitae e unha entrevista de traballo ao alumnado sobre as características persoais, profesionais, educativas e intereses do alumnado, cuxos información se terá en conta para aplicar as pertinentes medidas. Por outra banda, tamén se realizará unha avaliación inicial ao comezo de cada UD en actividades de iniciación-motivación, mediante: tests, debates, analogías e, en función dos seus resultados, desenvolveranse cada unha das UD, sen esquecer que a avaliación inicial implica tamén para o alumnado unha aprendizaxe en si mesmo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De haber alumno/as con altas capacidades ou con dificultades ou problemas de aprendizaxe por motivos motóricos, sensoriais, de desenvolvemento ou socioculturais, serán atendidos polo profesorado do departamento ou de orientación. Dependendo de cada caso, levarase a cabo unha atención individualizada ou elaboraranse programas específicos de intervención.

Ademais, esta programación ten previstas diferentes actividades de ensino-aprendizaxe de diferentes grados de realización e ampliación,

actividades de investigación e actividades de reforzo e/ou ampliación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Partindo de que a educación en valores preséntase en LOE como un conxunto de contidos de ensino-aprendizaxe presente en todas as materias do currículo de calquera etapa educativa, seu tratamento nesta PD farase de forma integrada, globalizada, continua, directa ou indirecta. De entre a amplitude de valores relacionados que o módulo FOL, destacan:

1. Saúde, deporte e dieta equilibrada: presente na UF 1 de PRL, e UF2 nas UD 5, por ser un dereito e deber dos traballadores que se poderá reflectir na relación contractual.
2. Respecto ao medio ambiente: tratarase de forma indirecta na UF1 de Prevención.
3. Igualdade de oportunidades: na UD 6: Xornada e Salario e en como dereito nas relacións laborais VDE 5 da relación laboral e tipos de contrato, no acceso ao emprego UD 9: Procura de emprego e solución de conflitos; UD 10: Equipos de traballo e conflitos.
4. Traballo colaborador e resolución pacífica de conflitos: será un aspecto destacado debido á heteroxeneidade do alumnado desta PD, tratarase durante todo o módulo, especialmente na WebQuest realizada en equipos de traballo, na UF 1(riscos) e na UF 2: UD 7 de Conflitos de traballo e UD 10 de Equipos de traballo e conflitos.
5. Xustiza, ética, civismo e lealdade: tratarase mais directamente nas UD 5.
6. Tolerancia, respecto, comprensión e compañeirismo: abordarase de maneira especial nesta PD debido a diversidade do alumnado, e ademais, tratarase directamente en UD 9 e 10.
7. Non explotación laboral de nenos: na UD 5: Relación laboral e tipos de contrato de traballo e nas unidades de saúde laboral (UF 1), na protección de persoas especialmente sensibles. 8.Capacidade emprendedora, creatividade e iniciativa persoal: na WebQuest para a solución de problemas e na UN 9 de Procura de emprego.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Patexaranse as seguintes actividades:

-VISITA A EMPRESA JUVENAL en colaboración co departamento de Imaxe Persoal.2º curso de ciclos formativos de grao medio e superior de Estética.1º trimestre

-XORNADA RISCOS QUÍMICOS EN PERRUCARÍA

Saída: ISSGA

1º curso ciclo formativo de Peiteado e cosmética capilar

1º trimestre

-XORNADA RISCOS ELÉCTRICOS.

Saída: ISSGA

1º curso ciclos formativos da familia profesional de Electricidade e electrónica.

1º trimestre

- XORNADA RISCOS ELÉCTRICOS. FORMACIÓN TELCO: 1º e 2º curso ciclos formativos da familia profesional de Electricidade e electrónica. 1º trimestre. Pretende dar unha formación complementaria en prevención de riscos laborais eléctricos atendendo ás esixencias do mercado laboral no eido da construción.

- XORNADAS DE PRIMEIROS AUXILIOS

presencial- salón de actos

1º Curso de ciclos formativos

novembro 2023

- VISITA A UNHA EMPRESA DO SECTOR: 1º, 2º cursos dos ciclos formativos. 2º trimestre. En colaboración con cada departamento das familias profesionais organizar unha visita a unha empresa do sector correspondente para que comproben in situ os riscos laborais, as medidas de prevención, o sistema de traballo, a organización do traballo así coma aspectos técnicos da electricidade, da fabricación mecánica ou da imaxe persoal segundo sexa o caso.

- XORNADA ORIENTACIÓN LABORAL: 1º curso dos ciclos formativos. 3º trimestre

- CHARLAS NO SALÓN DE ACTOS AO LONGO DO CURSO PARA ALUMNADO DE 2º CURSO DE CICLOS FORMATIVOS:

- Charla motivacional sobre o mundo do emprendemento.

-Modelos CANVAS

-Plan de negocio

- Marketing e comunicación aplicado á empresa

- Cómo presentar o teu produto a inversores/Financiación

O departamento de Fol organizará ou participará en calquera outra actividade que se considere de interés ao longo do curso e que permita cumprimentar o proceso de ensino aprendizaxe do noso alumnado.

10.Outros apartados

10.1) SUSPENSIÓN DAS CLASES PRESENCIAIS ESTE CURSO ESCOLAR

No caso de suspensión das clases presenciais, o alumnado empregará a alula virtual para a realización de actividades e visualización de contidos teóricos.



1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0645	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	IRIA VARELA NOVOA, SONIA BARRERO BOUZA (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Módulo EIE contribuirá a que o alumnado poda recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa, e teña iniciativa emprendedora na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social. Este módulo contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite acadar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- q) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presenten nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.
- r) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.
- x) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

E contribúe a alcanzar as seguintes competencias do ciclo formativo:

- ñ) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- s) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					64500			
					RA1	RA2	RA3	RA4
1	Iniciativa emprendedora	Análise das cualidades dun emprendedor, da motivación para emprender e da idea innovadora como punto de partida para a creación dunha empresa.	6	10	X			
2	Creación e posta en marcha dunha empresa	Análise das formas xurídicas de empresa e dos trámites necesarios para a súa posta en marcha, e concreción nun plan de empresa.	12	20			X	
3	A empresa e o seu contorno	Estudo da empresa, do contorno xeral e específico e da responsabilidade social, e plasmación nun plan de empresa	8	15		X		
4	Planificación e organización dunha empresa	Estudo da organización dos recursos materiais e persoais da empresa, das estratexias de marketing e plasmación nun proxecto empresarial.	12	20		X		
5	Xestión financeira	Análise da viabilidade económica e financeira dunha empresa, e concreción nun plan de empresa.	15	20				X
6	Xestión administrativa e fiscal da empresa	Cumplimentación dos principais documentos relacionados coa actividade da empresa.	10	15				X
Total:			63					

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar a cultura empresarial na UE, en España e Galicia	1	A cultura empresarial	1,0
2.1 Recoñecer as cualidades persoais e profesionais dun emprendedor, as vantaxas e inconvenientes de emprender e o papel do emprendedor na sociedade.	2	O emprendedor	1,0
3.1 Identificar o concepto de innovación empresarial, e a súa importancia para o desenvolvemento económico.	3	A innovación	1,0
4.1 Identificar as fontes de xeración de ideas, o procedemento de maduración e de avaliación da idea como punto de partida para a tomar a decisión de emprender.	4	A idea	2,0
5.1 Analizar o contido e a estrutura dun plan de empresa, e a súa importancia e utilidade como paso previo para a posta en marcha dunha empresa	5	O plan de empresa	1,0
TOTAL			6

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos	● PE.1 - Proba escrita obxectiva: test.	S	10
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social	● PE.2 - Proba escrita obxectiva: test.	S	10
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na <u>actividade emprendedora</u>	● PE.3 - Proba escrita obxectiva: test.	N	10
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da imaxe persoal	● PE.4 - Proba escrita obxectiva: test.	S	10
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora	● PE.5 - Proba escrita obxectiva: test.	S	10
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade	● TO.1 - Realización do Plan de empresa	S	10
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da estética e beleza, que ha servir de punto de partida para a elaboración do <u>proxecto empresarial</u>	● TO.2 - Realización do Plan de empresa	S	30
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa	● TO.3 - Realización do Plan de empresa	S	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de estética e beleza (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.). A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia. Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración. Actuación das persoas emprendedoras no sector da imaxe persoal. O risco como factor inherente á actividade emprendedora. Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social. Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas. Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de estética e beleza.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A cultura empresarial - Análise da cultura empresarial na UE, en España e Galicia	<ul style="list-style-type: none"> A profesora, fai unha choiva de ideas interactuando co alumnado, introduce o concepto de cultura emprendedora. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado lee artigos facilitados pola profesora sobre a cultura emprendedora no noso país e noutros con maior cultura emprendedora, e elabora un informe comparativo. 	<ul style="list-style-type: none"> Informe. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados pola profesora. Pc con acceso a internet. Artigos de prensa ou internet. Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Proba escrita obxectiva: test. 	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O emprendedor - recoñecemento da das cualidades persoais e profesionais dun emprendedor	<ul style="list-style-type: none"> • A profesora, previo visionado de vídeos de emprendedores, e interactuando cos alumnos, explica o concepto de emprendedor, as cualidades profesionais e persoais que debe reunir, e as vantaxes e inconvenientes de emprender, facendo especial fincapé no risco inherente á actividade empresarial. • A profesora introduce e explica os elementos clave do Plan de empresa que se desenrolará durante todo o módulo. A profesora proxectará vídeos para apoiar a explicación do canvas de negocio. • A profesora, interactuando cos alumnos, explica o concepto de emprendedor, as cualidades profesionais e persoais que debe reunir, e as vantaxes e inconvenientes de emprender, facendo especial fincapé no risco inherente á actividade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado, en equipos de traballo de 2 ou 3 persoas, realiza un canvas do modelo de negocio sobre o que fará o Plan de empresa. • Os alumnos leen un informe sobre a cultura emprendedora no noso país e respostan a un cuestionario con preguntas tipo test en http://www.ajeimpulsa.es/formulario/test_evaluacion. • Os alumnos leen algún artigo sobre a cultura emprendedora en distintos países, e elaboran un informe no que comparan a cultura emprendedora en España ou Galicia coa cultura noutro país elixido. • O alumnado respostará a un cuestionario facilitado polo profesor no que se incluírán preguntas teóricas e casos prácticos sinxelos relativos ás cualidades dun emprendedor, á motivación para emprender e ás características das actividades emprendedoras no sector. • O alumnado mediante a técnica do elevator pitch expón a súa idea de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> • Informe • Test resolto. • Canvas do Modelo de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pc con acceso a internet. • Vídeos sobre emprendedores • Artigos ou biografías de emprendedores. • Apuntes facilitados pola profesora. • Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.3 - Proba escrita obxectiva: test. • PE.4 - Proba escrita obxectiva: test. • PE.5 - Proba escrita obxectiva: test. 	1,0
A innovación - Identificación do concepto de innovación empresarial, e a súa importancia para o desenvolvemento económico.	<ul style="list-style-type: none"> • A profesora explicará o concepto e os tipos de innovación empresarial, e a súa importancia para o desenvolvemento económico. 	<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado visionará vídeos sobre emprendedores innovadores. • O alumnado elaborará un informe relativo ás principais características da innovación no sector da imaxe persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • Informe. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pc con acceso a internet. • Apuntes facilitados pola profesora. • Vídeos sobre emprendedores innovadores • Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Proba escrita obxectiva: test. • PE.2 - Proba escrita obxectiva: test. 	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A idea - identificación das fontes de xeración de ideas, análise e estudo do resultado da busca de ideas.	<ul style="list-style-type: none"> A profesora, previo visionado de vídeos ou lectura de artigos de emprendedores, explicará a importancia da idea como punto de partida da decisión de emprender, da súa maduración e da avaliación previa á toma desa decisión. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado, en equipos de 3 ou 4 alumnos, sinalará posibles ideas de negocio no sector profesional correspondente ao ciclo. Cada equipo seleccionará a idea máis innovadora. Posteriormente, no grupo-clase, valoraranse as diferentes ideas e seleccionaranse a máis innovadora. O alumnado mediante a técnica do elevator pitch expón a súa idea de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> Idea de empresa como punto de partida do plan de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados pola profesora. Pc con acceso a internet. Videos de emprendedores. Artigos de prensa Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Realización do Plan de empresa TO.2 - Realización do Plan de empresa 	2,0
O plan de empresa - Análise do contido do plan de empresa e toma de decisión sobre a idea de negocio	<ul style="list-style-type: none"> O profesor explicará a importancia do plan de empresa e dará indicacións sobre o seu contido e estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado, coa información que lle facilita a profesora elabora a primeira parte do plan de empresa que vai confeccionar ao longo do curso. O alumnado repasa contidos con Kahoot. 	<ul style="list-style-type: none"> Primeira parte do plan de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados pola profesora. Pc con acceso a internet. Webquest: https://sites.google.com/site/webquesteimagenpersonal/home Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Realización do Plan de empresa 	1,0
TOTAL						6,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Creación e posta en marcha dunha empresa	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Diferenciar as formas xurídicas de empresa	1	Clasificación das formas xurídicas da empresa	4,0
2.1 Identificar o proceso para a creación e posta en marcha dunha empresa	2	Trámites para a constitución dunha empresa	2,0
3.1 Localizar fontes de información e asesoramento financeiros e legais para a creación e posta en marcha dunha empresa, así como axudas e subvencións para a posta en marcha do proxecto.	3	Institucións públicas e privadas relacionadas coa creación de empresas	2,0
4.1 Elaborar o Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites, xestión de axudas públicas	4	Plan de empresa: forma xurídica, trámites, xestión de axudas públicas	4,0
TOTAL			12

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial	● PE.1 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determináronse as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio	● PE.2 - Proba escrita obxectiva: test	S	15
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da imaxe persoal	● TO.1 - Realización do Plan de empresa	N	5
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida	● PE.3 - Proba escrita obxectiva: test	S	5
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa	● PE.4 - Proba escrita obxectiva: test	S	5
CA3.6 Identificáronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica	● PE.5 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa	● PE.6 - Proba escrita obxectiva: test	N	5
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de estética e beleza tendo en conta a súa localización	● TO.2 - Realización do Plan de empresa	N	5
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións	● TO.3 - Realización do Plan de empresa	S	40
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos

Contidos
<p>Formas xurídicas das empresas.</p> <p>Responsabilidade legal do empresario.</p> <p>A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.</p> <p>Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.</p> <p>Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.</p> <p>Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de estética e beleza.</p> <p>Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade (título e descrición)						

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Clasificación das formas xurídicas da empresa - Identificación das principais características das distintas formas xurídicas de empresa	<ul style="list-style-type: none"> O profesor introduce o concepto de persoa empresaria e comenta os requisitos que cumpren para desenvolver a actividade empresarial. Exposición do profesor da clasificación xeral entre empresario individual e empresas sociedades e das características xerais comúns das principais sociedades mercantís. O profesor explica os factores que poden influir para a elección da forma xurídica. O profesor pon de manifesto aos alumnos a importancia das empresas de economía social presentándolles unha lista de empresas de economía social no seu ámbito municipal, provincial ou autonómico e indicando a que se adican A profesora proxecta vídeos e explica os factores que poden influir para a elección da forma xurídica. 	<ul style="list-style-type: none"> Sondaxe entre o alumnado sobre empresas do seu ámbito municipal, provincial ou autonómico, de xeito que terán que indicar o seu nome comercial e a actividade á que se adica. Busca de información en internet para averiguar a forma xurídica das empresas indicadas do ámbito xeográfico na tarefa 1. Realización, en parellas, dun cadro comparativo de formas xurídicas de empresa. Traballo en parellas para obter conclusións sobre as características legais máis representativas de cada tipo de sociedade, e realización dun cadro comparativo de formas xurídicas. Busca de información en páxinas de internet facilitadas pola profesora para averiguar a importancia das empresas de economía social no seu sector de actividade, e realización dun informe coas conclusións que será entregado á profesora para a súa valoración. Resolución dun cuestionario con preguntas teóricas e casos prácticos sobre a elección da forma xurídica. ¿ Resolución de casos prácticos para a elección da forma xurídica. 	<ul style="list-style-type: none"> Listaxe de empresas. Cadro comparativo das formas xurídicas de empresa Cuestionario resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados pola profesora. Pc con acceso a internet. Vídeos sobre os contidos. https://sites.google.com/site/webquesteimagenpersonal/home Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba escrita obxectiva: test PE.2 - Proba escrita obxectiva: test PE.3 - Proba escrita obxectiva: test PE.4 - Proba escrita obxectiva: test TO.1 - Realización do Plan de empresa 	4,0
Trámites para a constitución dunha empresa - Identificación dos diferentes trámites necesarios para por en marcha unha empresa	<ul style="list-style-type: none"> A profesora proxectará vídeos, explicará e entregará un esquema e explicará os trámites necesarios para constituír e poñer en marcha sociedades mercantís ou establecerse como empresario individual. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dun cuestionario con preguntas teóricas e supostos prácticos de trámites para poñer en marcha unha empresa. Traballo en parellas: investigación en internet sobre os trámites necesarios para a posta en marcha de empresas de estética. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto Informe. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados pola profesora. Pc con acceso a internet. Vídeos sobre os contidos. https://sites.google.com/site/webquesteimagenpersonal/home Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Proba escrita obxectiva: test 	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Institucións públicas e privadas relacionadas coa creación de empresas - Identificación dos recursos dispoñibles para obter información e asesoramento á hora de crear unha empresa, así como axudas e subvencións para a posta en marcha do proxecto.		<ul style="list-style-type: none"> Utilizando un buscador, os alumnos localizarán diversas institucións públicas e privadas relacionadas coa creación de empresas, de ámbito local e autonómico. O alumnado elaborará un informe que será posto en común no grupo-clase. Utilizando un buscador, os alumnos localizarán axudas e subvencións relacionadas coa creación de empresas, de ámbito autonómico principalmente. O alumnado elaborará un informe que será posto en común no grupo-clase. 	<ul style="list-style-type: none"> Listaxe de institucións de asesoramento. Listaxe de axudas e subvencións. 	<ul style="list-style-type: none"> Pc con acceso a internet Páxinas web de interese. Vídeos sobre os contidos. https://sites.google.com/site/webquesteieim/agenpersonal/home Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Proba escrita obxectiva: test TO.2 - Realización do Plan de empresa 	2,0
Plan de empresa: forma xurídica, trámites, xestión de axudas públicas - elaboración parcial do plan de empresa decidindo a forma xurídica, recabando a documentación necesaria para pola en marcha e xestionando as axudas públicas		<ul style="list-style-type: none"> O alumnado, en equipos de 2 alumnos, continuará o plan de empresa no que incluíra: a decisión xustificada da forma xurídica elixida. Descríbanse os trámites para a súa constitución e posta en funcionamento. O alumnado repasa contidos con Kahoot. 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados pola profesora. PC con acceso a internet. https://sites.google.com/site/webquesteieim/agenpersonal/home Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Realización do Plan de empresa 	4,0
TOTAL						12,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A empresa e o seu contorno	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar o concepto de empresa, as súas principais funcións e obxectivos, os tipos de empresa e a localización.	1	A empresa e a súa organización	2,0
2.1 Analizar o contorno xeral e específico dunha empresa do sector da imaxe persoal, en función da súa localización, e incluído nun plan de empresa.	2	O contorno da empresa: xeral e específico	2,0
3.1 Recoñecer a importancia da responsabilidade social das empresas e a súa implicación no crecemento económico sostible.	3	A responsabilidade social corporativa e o balance social	2,0
4.1 Elaborar o plan de empresa incluíndo a idea de negocio, a localización, o estudo do contorno e a responsabilidade social.	4	Plan de empresa: idea de negocio, localización, estudo da contorna e responsabilidade social	2,0
TOTAL			8

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego	● TO.1 - Realización do Plan de empresa	N	5
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas	● PE.1 - Proba escrita obxectiva: test	S	5
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural	● PE.2 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores/as, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico	● PE.3 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de estética e beleza en función da súa posible localización	● TO.2 - Realización do Plan de empresa	S	5
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial	● PE.4 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa estética e beleza, e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen	● TO.3 - Realización do Plan de empresa	N	5
CA2.8 Identificáronse, en empresas de estética e beleza, prácticas que incorporen valores éticos e sociais	● TO.4 - Realización do Plan de empresa	N	5
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais	● PE.5 - Proba escrita obxectiva: test	S	5
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais	● PE.6 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing			0
CA2.12.1 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a responsabilidade social	● TO.5 - Realización do Plan de empresa	S	30

TOTAL
100
4.3.e) Contidos

Contidos
<p>A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.</p> <p>Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de estética e beleza: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.</p> <p>Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de estética e beleza: clientela, provedores/as, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.</p> <p>Localización da empresa.</p> <p>A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.</p> <p>Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.</p> <p>Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.</p> <p>Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.</p> <p>Plan de empresa : a idea de negocio, a localización, a responsabilidade social</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A empresa e a súa organización - Análise do concepto de empresa, as súas principais funcións e obxectivos, os tipos de empresa e a localización.	<ul style="list-style-type: none"> A profesora proxectará un vídeo e explicará o concepto, as funcións, obxectivos e a estrutura organizativa da empresa. A profesora proxectará vídeos e explicará a análise DAFO e a extratexia CAME. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado respostará a un cuestionario ou test facilitado polo profesor que incluíra preguntas teóricas relativas ás cuestións explicadas, e un ou varios supostos prácticos de elaboración do organigrama dunha ou varias empresas. O alumnado realizará a análise DAFO e a extratexia CAME dunha empresa do seu sector. 	<ul style="list-style-type: none"> Test resolto. Análise DAFO e extratexia CAME. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados pola profesora. Pc con acceso a internet. https://sites.google.com/site/webquesteieimagenpersonal/home Vídeos sobre os contidos. Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba escrita obxectiva: test PE.2 - Proba escrita obxectiva: test TO.1 - Realización do Plan de empresa 	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
